

Noriega entre os poetas do seu tempo

Discurso lido o día 5 de xuño
de 1971 no acto da súa recepción,
polo excelentísimo señor don

José Trapero Pardo

e resposta do excelentísimo señor don

Álvaro Cunqueiro Mora



REAL ACADEMIA GALEGA



Noriega entre os poetas do seu tempo

O solemne acto académico
no que foron lidos os dous
discursos recolleitos no
presente volume celebrouse
o 5 de xuño de 1971
no Círculo das Artes de Lugo.

A presente edición elaborouse a partir
dos mecanoscritos orixinais custodiados
no arquivo da Real Academia Galega.

Edita
Real Academia Galega

© Real Academia Galega, 2015

Deseño da colección
Grupo Revisión Deseño

Noriega entre os poetas do seu tempo



REAL ACADEMIA GALEGA

A Coruña 2015

Discurso do excelentísimo señor don
José Trapero Pardo



Señores Académicos:

Cómpreme, antes nada, agradescervos a honra que me facedes traguéndome ao seo dista Academia ilustre, onde tantas figuras esgrevias nos deixaron outos eixemprios do seu saber, do seu amor á Terra e da súa contrebución á cultura galega. Agradecemento que o fago no meu galego lugués, que tén, com-as xentes da Terrachá en que nascín, un caráuter própeo e hastra própeas verbas.

Teredes, por iso, que desemular se non sempre a miña linguaxe vos parece limpa. Eu, como desculpa, abrígome tras do refrán que dí: “Nunca erra o que fala coma na súa terra”.

O que sí me pon respeito é saber que veño eiquí a cubrir un posto que un académico de pro y-esquirtor esgrevio deixou valeiro, porque a Segadora o tumbou na millor sazón da súa vida. Ben sabedes que estou referíndome a Don Xulio Rodríguez Yordi, que no 1894 escomenzou a ser cruñés de naceón, cruñés de corazón, cruñés de pór vida e cruñés tamén na súa morte, que o colleu un 27 de setembro do ano 1967. Entre isas dúas datas están unha vida e unha obra¹.

1 *Don Xulio Rodríguez Yordi*. Nasceu na Cruña o 7 de setembro de 1894, na casa número 133 da calle de San Andrés. Foron seus pais Don Eladio Rodríguez González e Doña Josefa Yordi Bissiers. Casou con Doña María Luisa Durán Marquina. Morreu o 27 de setembro do 1967.

No 1944 publicou o libro: *Cristal y Sonrisas. Guía y Guión de La Coruña*. Dez anos máis tarde aparecía o segundo: *La Peña y la peña. Tertulia y contertulios*.

O 6 do mes de Outono de 1955 for rescibido na Real Academia Gallega, como membro de número. Leu o discurso que trataba sober de *El sentimiento materno en la obra de la condesa de Pardo Bazán*. Contestoulle o poeta Antón Rey Soto, que non puido lér a contestación por sentirse mal, e deulle leutura o Académico de número Don Sebastián Martínez-Risco.

Ademáis das obras devanditas, publicou *La exposición de 3ª de Arte Gallego*, crítica humorística de aquela exposición. Despois do seu pasamento a millor vida a Academia publicou dúas das súas obras: *Quenje en Conjo e Rincón y Esquina. Epistolario*.

Deixou inéditas *Agenor* (novela); *Tren y Andén. Viografía y Biografía; La distancia distante. Recuerdos de viajes; Autor y lector* (crítica de libros); e *Antonio Correia de Oliveira. Poeta de Portugal* (Estudio biobibliográfico e versión en verso castellano do libro *Ara*).

Colaborou como xornalista en *El Noroeste*, diario da Cruña que dirixía seu pai, e en *El Orzán*, e tamén en moitas revistas.

Vida eixemprar, obra na que se sinte agrumar a sua cultura fonda, a sua devoción á Galiza, o seu afeuto a ista ilustre Academia, probado por muitos modos e, entre iles, o de que, muy pouco antes do seu pasamento, puxo a disposición da mesma o diñeiro pra que, cando Deus o chamase a Sí, a Corporación puidera emprentar as suas obras.

Mais si a outa cultura do Rodríguez Yordi me fai chegar con fondo respeito á cadeira que il honrou, tamén me conforma o ánimo saber que vivíu, como eu vivo, as tarefas do xornalismo. Un xornalismo localista e provincial, que é sempre a pedra de toque do verdadeiro xornalismo; pois nun diario como *El Noroeste* –onde il escomenzou a traballar baixo a direución de seu ilustre pai Don Eladio Rodríguez González– ou como *La Voz de la Verdad*, diario lugués no que queimei muitas horas, ou como *El Progreso* no que as sigo queimando; hay que esquirbir de todo, ora sexa un editorial ora un relato dunha boda ou dun crimen, ora unha crítica de tiatro ou dun auto deportivo... ¡Un periodismo que chamaréi integral, no cal, además dos coñecementos –e niso Rodríguez Yordi foi un mestre– hay que saber coñecer ás xentes, as suas reauciós e as suas vanidades, pra non poñer un adxetivo de máis nin un título de menos!

Pro Rodríguez Yordi non foi só un xornalista. Foi tamén autor de varios libros. Dos que é un bon resumen o que apareceu despois da sua morte: o *Epistolario de Rincón y Esquina*, no cal, a modo de diálago por carta, hay un xeito de platonismo, que tamén outros autores habían de seguir. No libro, o autor galego pon a estúdeo e hastra a meditación temas tan varios e tamén de tanta fondura que un tén á forza que ademirar o seu saber, pois algús capítulos terán sempre autualidade, pois nils soupo xuntar o senso crítico ao consello, a crara visión do seu tempo e o infruxo que terá no futuro. Lendo o *Epistolario* pode dicirse que Rodríguez Yordi é nil como o Gracián galego, inda que libre do farragoso citar e do culteranismo e conceutismo barroco do autor do *Criticón*. Por iso o noso esquirtor terá longa vida nas Letras galegas, inda que a morte cortase impiedosa o seu fio vital. Sexa, pois, pra il, na outa solemnidade de iste auto, a miña lembranza prao académico, prao xornalista, prao autor de libros y-ensaios: Xulio Rodríguez Yordi.

* * *

Debo agrasdecervos tamén, señores académicos, a ocasión que me dades pra faguer unhas consideraciós encol da obra de Noriega Varela, Académico da Real Gallega e un dos poetas que con mais devoción teimou manter nos seus poemas a tradición do Lacio, o que non lle tolleu emporiso a sua galeguidade.

Muito e ben se tén esquirto do crasicismo de Noriega; mais non sei que naide afondase no orixen disa fonte. Tento hoxe –e confeso que é muito astrevelamento– pescudar a meta dos poemas do *Cantor da Montaña* –da miña Montaña luguesa– pra poder decir que il non era só un crasicista no sentido ortolóxico da linguaxe e a súa forma, senón tamén na fonda raigaña dos seus temas.

Noriega foi poeta que, con espírito aberto a *toda humilde beleza* inxertouse na esterpe do Lacio, mais dándonos a su própea mensaxe. Tivo no verbal un conceuto muy seu; mais tivo tamén un xeito de enfiar as ideas como un *poeta do mundo*, que pode ser aprenxido por cantos queipan nise marco xeral, que, ás veces con tanto abuso, se chama “cultura oucidental”. Rodríguez Yordi, nun trecho do seu *Epistolario*, parece que define a base da perennidade da obra de Noriega².

Non pretendo enxuiciar eiquí toda isa obra. Ao falar das *fontes*, da *forma* e da *poesía* noreguians, teimo simplemente de dar un paso máis na interpretación dos seus poemas. Non deixo, no entanto, de matinar que non faltará quen coide que o crasicismo de Noriega tóllelle ao poeta orixinalidade. Contra iso ergo eiquí o preceuto horaciano que di: “Licuit, semperque licebit, signatum praesente nota producere nomen”, ao que asente o poeta saxón Montgomery cando di que os pensamentos teñen máis valor ao evocar o pasado pra darlle máis valor tamén ao presente³. Ao que haberá que engadir a opinión da nova crítica, que xulga que, meter en disciplina verbas que non son de uso xeral,


2 Xulio Rodríguez Yordi.- *Epistolario de Rincón y Esquina*. Editorial Moret.- A Cruña.- 1969: “Res-témosle universalidad a la poesía y quedará poco más que una simple habilidad para engazar rimas; suprimamos su condición ecuménica y la poesía será una maña catenular”, pág. 87.

3 Quinto Horacio Flacco.- *De Arte Poetica liber*. Versos 48 a 59:

... Si forte necesse est
indiciis monstrare recentibus abdita rerum,
fingere cinctutis non exhaudita Cethegis
continget, dabiturque licentia sumpta pudenter;
et nova fictaque nuper habebunt verba fidem, si
graeco fonte cadant, parce detorta; quid autem
Caecilio, Plautoque dabit Romanus, ademptum
Virgilio Varioque? Ego cur, adquirere pauca
si possum, invideor, cum lingua Catonis et Enni
sermonem patrium ditaverit, et nova rerum
nomina protulerit? Licuit, semperque licebit
signatum praesente nota producere nomen.

R. Montgomery, “Told to you”:

Thoughts come when some token of past days will rise
as a link to the present, and then they bring sighs.



ven a ser, cando o poeta é de verdá –¿e quen lle nega a Noriega o título?– unha proba de personalidade e unha medida de cultura, entendida en función do tempo en que se escribe.

Agora, antes de comenzar iste traballo, prégovos, señores académicos, que non poñades muito aquél nos seus defectos. Pensade que eu só desexo que sirva pra que outros, con máis coñecementos, poidan estudar a vida e a obra e a rexa personalidade de Antón Noriega Varela.

* * *

NORIEGA ENTRE OS POETAS DO SEU TEMPO

Entre os meirandes poetas da Galiza, Antón Noriega Varela tén lugar de seu, porque non somella a ningún. Os outros –Curros, Rosalía, Pondal e Cabanillas entre os grandes da súa época– adoitaron un xeito persoal de encarar a vida, e, por iso mesmo, un xeito persoal tamén de versificar. Curros, poeta do social, ergueito perante os problemas dos homes da terra. Rosalía, poeta da introspeución da propia ánima, verteu sober canto a arroteaba a esencia dunha doce malinconía, nacida diso que os psicólogos chaman “a vivencia da tendencia”. Pondal, poeta de Hestórea galega, que, si o houbera querido, puido escribir unha *Calaicica* ou poema épico dos galegos, escomenzando no lexendario Breogán. Cabanillas, poeta que chegou até aos nosos días, no que a raiña latina asentou tamén, demostrou, tanto no épico como no bucólico, que o idioma galego tén unha freixibilidadá que algús quixeron negarlle.

Entre Curros e Cabanillas está o tempo. E nil, os homes. Por iso son tan pouco somellantes as verbas do poeta das rebeldías das do poeta da serenidade, inda que ás veces amosara o xusto descontento. Dous galegos. Dous poetas. Mais os dous tan pouco somellantes no xeito eixpresivo.

Xunto distes grandes poetas –que cito, non como únecos, senón como figuras epónimas dun modo de *sentir* e de *facer* nunha época e perante uns problemas– poñemos hoxe a Noriega. Con iles atopouse no tempo. Pro il colleu un camiño própeo pra amosar o seu sentir. Tamén a il lle doía a ánima, mais, como era a súa, somentes il podía escoller o xeito de dar a conocer o que sentía. Tivo iso que Kant definíu como carauter, ou propiedade da voluntá pola que o home pon na práutica aquilo que se propón.

Por tal carauter, Noriega foi un humanista con senso própeo. Digo própeo, porque outro lugués, académico e chorado compañeiro meu, o Aquilino Iglesia Alvariño, foi tamén humanista, pro puxo máis acento no étimo e no semántico que no formal.

E verdade que Noriega antes de facerse humanista foi costumbrista; mais il pasou polo descriutivo sin pararse máis que pra esquirbir *Leite fresco* ou *De*

Ruada. Detívose despois máis pra cantar as cousas humildosas e sinxelas, quer dicerse cantar un mundo que parece pequeniño, pro que tén un senso de universalidade. Algún verso de Noriega puidera firmalo Francis James e inda non diría mal entre algús de Gabriela Mistral.

A súa poesía é a da sinxeleza, pro tamén a da romanidade. Por iso o que verqueron os versos noreguians ao francés, ao catalán, ao italiano, ao portugués ou ao castelán foilles ben doado manter nas propias linguas a gracia inxénua y-eixpresiva do contido da obra do poeta de Mondañedo.

O que proba que Noriega soupo apreixar nos seus poemas os sentimentos, intres e contempaciós que, ao ser herdá da Humanidade, entran direutamente na alma de todos os homes. Porque Noriega era un “ouccidental”, hastra il chegaron vivas e agurgullantes as correntes do Lacio, modelándose e modulándose no fresco xerro de barro da lingua galega.

Dicimos isto, porque non faltan erúditos –deixádeme decir erúditos, non por ironía, senón por senso etimolóxico– que, postos a buscarlle antecedentes a un escritor, rematan meténdoo no casilleiro doutro autor somellante a il nalgunha cousa, inda que non se conocesen nin na presoa nin na obra. Nista teoría, Heine faría cantar a Rosalía. Rosalía a Juana de Ibarbourou. E “Juana de América” ás nosas Dora Vázquez e Luz Pozo Garza.

É verdade que, ás vegadas, un poeta escribe versos, com-o múseco compón melodías, empregando ideas ou compases que outros empregaron antes. Has tra pode darse que lles xurdan as mesmas verbas ou as mesmas notas. Mais iste fenómeno débese a que os homes, por selo, diante os mesmos casos, adoitan sentir as mesmas sensaciós e aínda expresalas de xeito somellante. O que non quer dicerse que se negue un “coñecemento subconscente”, pois o mesmo Santo Tomás ademitía que pode haber un coñecemento sin que o suxeto que o tén poida darse conta dil eixprícitamente.

Xa máis adiante trataréi de probar que en Noriega se deu isto mesmo...

* * *

VIDA E TRABALLOS DO POETA

Pra poñer marco á obra de Noriega, fagueréi o seu *curriculum vitae*. Muy curto. Outros ilustres académicos teñen feito demoradamente a súa biografía. Eu somentes quero fixarme no que puido ter influencia no seu versificar, percisamente cando na Galiza xurdían esgrevias feuras da Literatura.

Noriega nasceu –como é sabido– o 17 de outono do 1869 na cidade de Mondañedo. Viviu coa mai e un tío, señor de “muito respeito”, que viñera das Asturias. Polo apelido do tío, a familia era coñecida por “os de Noriega”. Cando o tío morreu, o rapaz manteve aquel apelido, como unha homenaxe ao home que o protexeu namentras viviu.


O rapaz era espabilado. Din que, ás veces, demáis. O tío, co aquil de facelo crego, meteuno no Ensaminario. O Noriega adeprendía muito ben o latín; mais era inqueda, argalleiro, brincador e muy pouco dado a rezos. O demo, o mundo e a carne –según había de confesar dispois– tentárono muitas veces. Traducindo a Marcial, gostou da sal dos seus apigramas. O bilbilitano foi o pirmeiro catalizador da súa vena poética de rapaz trouleador. Pode dicirse que a Sátira foi a súa primeira Musa. As xentes de Mondañedo, os compañeiros, os mestres do Colexio –que así se chamaba ao Ensaminario– foron os pirmeiros en sentir a tralla dos versos noreguians. E óra fose porque non tiña vocación, óra porque fixo millentas falcatrúas nas ruadas, fiandós e xogos de bolos pola bisbarra de Mondañedo, o caso foi que un día deixou o Ensaminario.

Iba a escomenzar pra il unha vida de inquedanzas. Hastra de privaciós. Fíxose mestre de pirmeiras letras. Casouse duas veces. En ambas tivo fillos. Foi mestre de Foz, Calvos de Randín, Trasalba, Graña de Villarente e Chavín. En Viveiro deu a súa alma a Deus e o corpo á terra. Alí, “cousiña humilde”, como il diría, finouse a vida tarrea, mais os seus versos, tal como o vermiño de lus que il cantara, siguen alumeando e mantendoo pra sempre como un “hirmao dos astros e das rosas”.

HUMÁN ANTES QUE HUMANISTA

Antes que humanista, Noriega foi humán, con todos os defeutos e virtudes do home. De novo andivo en festas, feireou rapazas, fixo versos. Solfeou satírico polítecos e cregos. A vida e as disgracias apagáronlle despois o sangue. O que fora rapaz trouleador escomenzou a amosarse con aire humilde, vestido de parda pana e levando na mau unha tosca caxata. Con reverencias quería facer ver que a su vontade –que endexamáis se someteu a ninguén– estaba sumisa a presoa coa que falaba. Famoso foi na Galiza o seu “¡Ah, señor!” e coñecido era que sempre trocaba o vulgar “como usted sabe” por un “como usted me enseña”. O seu sentido irónico da vida e das xentes facía que, baixo aquela capa de rudo lobo montañés, se achase o esprito humanístico e satírico.

Somentes un caso pra demostralo: En Foz os dun bando políteco tiñan un semanario. En Viveiro había outro de políteca contraria, que se chama *El*



Vivariense, que tiña un director do que se decía –quizabes sin razón– que non se sabía ben de cando caía no limiar do sexo. Noriega adicoulle no semanario de Foz esta cuarteta:

Si vas a la redacción
de “El Vivariense”, tendrás
la exquisita precaución
de... mirar siempre hacia atrás.

Humán antes que humanista, Noriega gastou nistas toleadas o inxenio na mocidade. Isto custoulle perder amigos e faguer enemigos. Por unha fuchicada rifaron il e Antón Villar Ponte, que tamén vivía en Foz. Anos estiveron sin falarse, até un recital de Noriega no Círculo de Artesanos da Cruña, onde os dous que un dia foran amigos, xa velloutos se deron unha aperta mixturada con bágoas. Ao cabo, entrambos eran homes de corazón.

A verdade é que ao poeta lugués práculle estar cos amigos. Ramón Otero Pedrayo –un dos seus millores anfitriós e proteutores–, Vicente Risco, Ramón Salgado Toimil, Duardos Lence-Santar e outros contaban cousas que probaban o fondo valor humán do poeta, unha humanidade xocunda e varil, que lle permitíu mixturar a sinxeleza e a espiritualidade das Musas co materialismo dun Fauno. Por iso soupo encararse coas amarguras de vida e levar, sin rebaixarse, os golpes que ela lle deu, sin facerlle perder a espranza de cambear algún día, pois, como deixou esquirto en “Cantar montañés”:

Pro meu sino, crara estrela
que enxamais
de veleidades se extraña...

Il xa non podía extrañar veleidades da vida. Por iso Noriega pasou pola sua levando nos beizos o sorriso e no ánimo o desexo de poetizar o seu entorno, ou, como diría Ortega, a sua “circunstancia”.

“VIRXILIO DESBRAVOUME”

Non faltarán quen diga que aquel “¡Ah, señor!” de Noriega, era somentes admirativo cando o refería á Divinidade. Máis eu direi que o Noriega era admirativamente sinxelo cando me recitaba un trecho de Catulo ou de Virxilio, e que, si logrou pasar pola peneira, cada vez de furados máis estreitos, pola que os críticos de hoxe abortelaron aos pensadores, poetas e esquirtores de fin de século, foi porque il mantívose rexo, teso e firme nos seus prencípios básicos.

Ises prencipios tiveron o formento pirmeiro no Ensaminario de Mondañedo. Aquilas aulas de latín, cubertas con fortes boutas de pedra e pechadas con reixas de ferro, parecía que foran feitas adrede pra que os que nelas estudeasen tivesen que mirar só pra dentro, nunha introspeución que os forzase máis tarde a proyeutarse cara á fóra e romper a escribir, com-ós paxaros rompen a cantar cando chega a primaveira. Alí, antes de saír ao papel, formentaron versos explicativos de estados anímicos, que foron máis tarde canle pra que saisen a callón as reprimidas expresiós das vibrantes pasiós da xuventude. Quizabes naquilas aulas así pechadas se atope sagredo da vena poética de Pastor Díaz, de Crecente Vega, de Celestino Cabarcos, de Daniel Pernas, de Aquilino Iglesia e de muitos outros que alí se formaron e que deixaron, óra nos seus libros, óra no pentagrama, a mensaxe coa que saíron cantando cara ao mundo externo.

É doado atopar en todos iles a formación humanística; mais en ningúna comunión coas ideas crásicas sucou tan fondo como en Noriega que un día, lembrando os seus estúdeos do latín e dos seus versos, díxome:

– Virxilio desbravoume prá Poesía coas suas “Egrogas”.

E confesoume que fora Virxilio o que lle amosara o camiño que o había de levar até á Montaña, que pra Noriega é o *ager* e tamén o *rus*, porque nila se axuntan o Home a Natureza pra que a Beleza nasza⁴.

Cando o noso poeta escribía *Leite Fresco*, o pobo sentíase arretratado no xeito de ser, de vivir, de falar. Mais cando en troques apareceu *D’o Ermo*, xa non todos lograron aprenxer o seu contido. A beleza dos temas –que esa, sí, todos a alcanzan– tén xa matizaciós que esixen fonda sensibilidade pra percibilas e saborealas inteiramente. Inda que somelle que o protagonista é o *rus*, no fondo hay tamén un anxel d’orsiano que o fai erguerse dendes do chan ás máis outas cumes. Niste caso, tamén Noriega puidera dicir dos seus versos o que dicía o Damoetas virxiliano:

Pollio amat nostram, quamvis est rustica, musam⁵.

OS CRÁSICOS ESQUENCIDOS

É certo que nos comenzos da súa carreira poética Noriega deixou atrás ao Lacio. Os modismos do val de Mondañedo, contaxiados do *bable* pola prouximidade coas Asturias, fixérono deixar esquencidos aos crásicos. Eu matino que

4 Carta de Noriega ao autor.

5 Publio Virgilio Maron. *Egloga III. Palaemon*.



a ises modismos se debe o que algú non entendan ben ao poeta. Pois somentes algunhas ducias de presoas, aparte das da bisbarra de Mondañedo, logran aprenxer o xugoso e casi policromo realismo das pirmeiras composicións noreguianas. Falta en todas as edicións un vocabulario eixpricativo, para que se seipa que “estornelos” e “os do corno”, por eixemplo, son os ensaminaristas, así chamados polo bicornio que usaban.

Verbas como “lamote”, “peilau”, “pícaro”, “cosco” e outras hay que entendedelas no senso que teñen por aquelas rilleiras, como hay que entender e coñecer o desgaste semántico de outras verbas que se atopan en frases como esta empregadas en todo o val: “Faigan as paces contigo”, “Pra me levaren no carro”, “zumar sentinon”, “de máis quedo”, frases que o Noriega empregaba no galego vivo dos pirmeiros tempos, axustado á regulación fonética –que está pidindo o estúdeo dun filólogo– dun xeito eixpresivo daquilas terras, onde inda hoxe, cando dous veciños se atopan, saúdanse con ista frase:

–Alegrémonos que descansésemos.

Iste linguaxe localista atópase noutros esquirtores de Mondañedo: na laboura eixpréndida de Cunqueiro en *Merlín e Familia* e tamén en Leiras Pulpeiro. Sería ben tamén facer comparanzas da linguaxe de Noriega e Leiras, que serviría pra coñecer a identidade de elución, mais tamén pra coñecer a diverxencia da Musa de entrambos. Que xa Otero Pedrayo a fixo notar ao decir que namentras Noriega “procura cada día un maor afondamento na soeda da braña”, o “Leiras gosta máis do mar”⁶.

Pesia a isas diverxencias, Noriega admiraba a Leiras, do que confesaba haber recibido leucióis poéticas, sen porén deixarse levar do filosofismo, que hoxe chamaríamos sartriano, do médico poeta. Pois Noriega escomezou cantando con ledicia “o popular”, iso que na nosa terra tén sempre muito sal e muito picante. En iso, máis que a Virxilio, seguía a Marcial. Pro teremos que confesar que, inda querendo facer rir, nunca o noso poeta puxo nos seus versos o fel que, ao decir de Plinio Celio Segundo, puxo nos seus o poeta bilbilitano.

Non podemos esquecer que tamén Noriega fixo epigramas e versos enfiados, que podían ser epitalamios e hastra odas a misacantanos que foran un día seus compañeiros de aula, e ocasionais composicións a algú anfitriós, co que seguía, seguramente sin sabelo, a tradición dos *apophoreta* romans. Mais precisamente por isa facilidade versificadora, iba esgotando a súa musa en cousas

6 Ramón Otero Pedrayo. *Manuel Leiras Pulpeiro*.- Obras Completas. Tomo I (Poesías).- 1930.- Volume XXXII.- Nós, publicazóns galegas e imprenta.- Linares Rivas, 50.- A Cruña.

do gosto do pobo e foi a cair ás veces nunha políteca localista. Se houbera seguido ise camiño, hoxe Noriega sería *un poeta máis*. Porque colleu outros rumbos, hoxe é, sinxelamente, *un poeta*.

A VOLTA AOS CRÁSICOS

Non foi allea á teima de versificar de Noriega a forzada folganza que o inverno poñía en Foz, porto pesqueiro lugués que se espella nas augas do Cantábrico. O poeta tivo longas horas de vagar, tan axeitadas sempre pra inspiración poética, como deixou dito Ovidio naquil verso:

Carmina proveniunt animo deducta sereno⁷

E pola meditación os poemas noreguians deron en ser máis subxetivos, máis profundos no conceuto. E que iba surxindo nils paseniño a vella formación humanística, pois até a grafía calcábase por veces, e inda letra a letra, na das verbas latinas. Os temas dos mestres do Lacio andan xa na tona dos versos de Noriega. Mais, tempo andado, esa infruencia había de notarse con máis fondura.

A “Elegia ad Messalam Corvinum”, de Tibullo, que valora en máis a paz que as riquezas; a “Elegia in bellum” do mesmo autor; que contrapón as inquedanzas da guerra á inalterable paz da vida aldeán; a Oda II do *Epodon Liber* de Horacio, que tamén louba a vida campesiña; e varias composicións de Virxilio e outros poetas, poden ser un eixemplo do que digo.

O poema noreguián “Diante dos que atruxan forte” e inda o tidoado “Rarezas”, no que Noriega fala das rosas, pode ser entendido no mesmo xeito con que Tibulo falou do ouro. Aquil

Divitias alius congerat auro


é somellante ós versos do noso poeta, que din:

¡Outros apañen as rosas!
Eu xunto froles selvosas
Pra facer mimos con elas.⁸

Cando apareceu *Montañesas* –e de ahí lle veu a Noriega o nome de “Poeta da Montaña”– xa tiña volto a repasar os textos latinos. O que non quer dicir,

⁷ Publio Ovidio Nason. *Tristium*. Liber I. Elegia I.

⁸ Antonio Noriega Varela. - *D'o Ermo*. Poema “Bendito sea Dios!”.



e apúrome a facelo constar, que il coñecese a fondo a obra toda dos poetas do Lacio. Non é certo que a coñecese. Eu sei ben que, niso, si de algún tiña un coñecemento intenso de unha obra, nono tiña extenso. Mais os textos que adeprendera no Ensaminario –e o de Mondañedo tivo xusta fama de bós latinistas– déronlle escollidos trechos crásicos. Fora diles, Noriega non coñecía outros. Por eso, cando se atopen somellanzas con algún, pode decirse que non foi infruído por il. Cando Noriega estudiaba latín, no Ensaminario as traducións facíanse sober textos dunha obra en tres volumes emprentada en Francia, na que había obras de Fedro, Cicerón, Cornelio Nepote, César, Salustio, Tito Livio, Terencio, Marcial, Catullo, Tibullo, Ovidio, Virxilio, Horacio e Séneca⁹.

Algús daqueles textos o poeta tivos na mamoria hastra finarse. Eu non podó esquencer que pouco antes de irse da vida, Noriega –poñendo présa nas frases, pois o folgo non lle permitía xa demorarse nilas– recitaba cuasi devotamente trechos de algún crásico, facéndolle logo unha diseución analítica, que deixaba amosar o coñecemento que tiña do crásico que recitaba.

A RAIGAÑA LATINA NO PORTUGUÉS

Un día –un mal día na lembranza de Noriega– unha xugada de cacique bandeou ao noso poeta dendes de Foz, onde escuitara “o salvaxe berro das gueivotas”, até ás terras ourensans de Calvos de Randín. Nos comenzos, o desterro foi pra Noriega unha inacababel sementeira de lamentacións, como o fora pra Ovidio o seu confinamento “in finibus extremae Ausoniae”. Mais así como pró poeta latino o desterro sirviu pra que lle deixase a Humanidade unha obra maestra do elexíaco; tamén a Noriega o seu desterro valeulle pra coñecer a lírica puxante dos poetas do Portugal irmán. Guerra Junqueiro foi pra il como un deslumbramento. Teixeira de Pascoaes envolveuno na verbosidá lírica encol da peisaxe. Antero, Eça e outros puxeron diante Noriega un caudal novo de verbas, nutridas de raigaña latina, inda que algús filólogos modernos lusos teimen desmentir a orixen román dilas.

O poeta galego e latinista deu de cara novamente co seu cuáseque esquencido latín. El víu que muitas veces un mesmo étimo xunguía ás verbas portuguesas e ás galegas, inda que a semántica as houbese desviado. Foi entón cando deu perfeución ao emprego dunha verba, non só polo significado no uso común,

⁹ *Autores = selectos = de la más pura latinidad. = Anotados brevemente e ilustrados con algunas noticias de Geografía, = costumbres e Historia Romana. = Nueva edición = Revista (sic), cotejada con los mejores textos. = y la más correcta de cuantas se han publicado hasta el día.* París = Librería Garnier Hermanos. = Sucesores de D. Vicente Salvá. = Calle des Saint-Pérez, nº 6. = 1883.

mais sober todo pola eufonía, que pode facer que, con independencia da idea contida, a verba se convirta en sillar sober do que se ergue unha obra de arte.

Isto fixo que Noriega empregase vocabros que no portugués ou no galego poden pregarse a mesteres calolóxicos, sin coidarse si son ou non enxebres, val dicir como os viña empregando o pobo. Pra il abondáballe con que tivesen nunha frase ou lugar valor fónico ou métrico especial, ou que lle desen unha eufonía crara, inda que viñesen na súa orixen da terra veciña ou que entraran directamente dendes do latín, ou mesmo que xa estiveran na lingua de Castela.

Os líricos portugueses amosáronlle o camiño dun crasicismo verbal. Co pasar do tempo fíxose máis virxilián. Quer dicerse: máis “oucidental”. Máis de todo.

OURIVE DAS VERBAS

A sintáxis, calcada no hipérbaton latino. As verbas “cultas” mais non culteranas. A súa orixinal grafía. A depuración da temática... Todo isto Noriega envolveunas nunha poma que chamaréi “mediterránea” por román no orixen.

Por entre as súas millores composicións, o latín métese como a hedra por entre as ponlas dun carballo. Na soavidade da súa linguaxe hay, con todo unha pomba verbal, inda que o enxebriemento deixe de ser rexo. O metro mesmo dalgunhos poemas faise horaciano, si se recita en voz alta. Nistes versos de Horacio:

Jam satis terris nives atque dirae
gradinis misis Pater, et rubente
dextera sacras jaculatus arce...¹⁰


¿non parece descubrirse a mesma cadencia, as mesmas cesuras, cáseque os mesmos troqueos e espondeos de iste outro poema de Noriega?:

Tamén a luz da y-alba t'hermoseya;
mais a que te sublima, a luz qu'e tua,
íntima devotiña, bruta aldeya,
vén d'os ermos inhóspitos dá lúa...¹¹

Porque Noriega buscaba a eufonía nas verbas, achamos algunhas como “sublima”, “íntima”, “inhóspito”, “hermoseya”, que o pobo non adoita empregar. Coma algunhas frases tales como “A lus febea”, “Olímpico abandono”, “Fadiña d'albo porte”, “Asaz selvosos lugares”, “lucentísimos espellos”, “Coa

10 Quinto Horacio Flacco.- *Carminum*. Liber primus. Oda II “Ad Augustum Caesarem”.

11 *D'o Ermo*. Poema “A luz qu'é tua”.



airosa pompa das froriñas brancas”, “Hostil acibro”, “O psalmear dos pinos”, “O indócil xenio da montaña altiva” e muitas outras. A cada intre salta unha sonora verba, axeirada a idea que o poeta exprime: “Frívola”, “Alucinante”, “Embriagadas”, “Fulxe”, “Fulgurantes”... ¿Verbas galegas?... Non e sí. Non, si por enxebres queren tomarse. Sí, porque o Noriega as fixo dobregarse á lingua galega, tal como o Valle-Inclán había de meter outras no castelán, pra darlle máis fermosura ao ganar en riqueza fónica e verbal, sin que o castelán sofrise por iso na súa estrutura ortolóxica.

Pra rematar a proba de que Noriega, buscando o “ser” ou contido –sin ser porén un *contenuttista*– nos seus poemas, e ao mesmo tempo a forma dos mesmos, perdoádeme que traiga eiquí, como páxina de unha antoloxía, o poema “Soberbio pazo”:

Miña musa –plebeya carpazona–
en presencia d’aquel soberbio pazo,
lamentou non ser reyna ¡a inocentiña!
pra intimar c’oa esperanza d’habitalo.
Y-o alcázar de crystal alucinante
era ¡triste de min!, gota d’orballo,
que o sol evaporou desaprensivo
ó chuchar, amoroso, a flor d’un cardo.

LEMBRANZA DOS CRÁSICOS NUNHA BIOGRAFÍA

No ano 1930, Mondañedo rindíu homaxe a tres fillos ilustres: Pascual Veiga, Leiras Pulpeiro e Noriega Varela. Foi entón cando iste, dendes dun taboado da mesma Praza en que un dia axusticiaron a Pardo de Cela y-ao fillo, léu, con bágoas nos ollos, un romance, que era unha biografía pequena, adolorida, chea de malinconía polos anos idos. Nise romance áchase como un resumen craro da influencia que nil tiveron os crásicos do Lacio, sober do Ovidio. A composición, que eu pubriquei no semanario *Vallibria*, é pouco coñecida. Foi adicada “Ôs da Paula”, ou sexa ás xentes de Mondañedo, así chamadas polo nome dunha gran campá da Catredal. Xulgo perciso dar a coñecer o romance inteiro pra millor entender a vida e obra de Noriega. Eis o romance:

PR’OS D’A PAULA

Naide millor que vosoutros
sabe, queridos paisanos,
que apenas si eu son un pobre,

insignificante bardo,
rudo para as *etiquetas*,
sin méritos pr'agasallos.
Conste que baixéi á vila
po'la gratitú forzado,
e, para bén persuadirvos
de que nin pra xuglar vallo,
procuraréi (co-a licencia
d'os máis vellos), decir algo.

A Gaya Ciencia d'ós vates
qu'en Mondoñedo privaron,
por disposición d'o Olympo,
Leiras e máis eu a herdamos.
Particiós feitas, distintos
rumbos seguimos entrambos.
El gustaba da Mariña:
o seu Númen soberano
“*via*” *as cabezas erguidas*
d'os nove pinos do Castro,
y-encaraba, destemido,
os vagallós do mar bravo.

Á miña musa, prestóulle
unha Fadiña o refaixo,
y-anduvo pól-os carreiros
d'os montes coloreando...

Mentras foi pícara nova
pr'ela non houbo descanso:
as airas dás Coruxeiras,
de Cesuras os ribazos,
e de Romariz os felgos,
y-o Santo Cristo d'o ádro,
poideran serme testigos
de canto a tentou o díaño...

Moza vedraya, “cousiñas
humildes” a embelesaron:
unha lágrima d'aurora
antóxaselle un palacio,

y-amárgalle non ser reyna
para poder habitalo...

De presente, a miña xoya
ten moitos cabelos brancos...
Antes que as contas d'alxófar
impórtanlle as d'o resario,
e d'a VIRXEN DOS REMEDIOS,
que *os dá Paula* idolatramos,
se aprouxima, co'as maus dreitas
ou c'os peñños descalzos,
triste, presentindo *as noites*
d'inverno no campo santo.
Leira e Veiga ll'acenan,
e, raposiñando, os anos,
inda que terca resmunga,
fanna camiñar pra baixo.

Mais, désque Dios a recolla,
y-en pena d'os seus pecados
nin fiíño de lá quede
d'a fimbria do seu refaixo,
¿esquencerá Mondoñedo
os píncaros do Parnaso?
¿Non xerarán máis que ortigas,
sólo rendirán samargos,
ernos que pr'alcanzar *rosas*
de cen follas, desbravámos?
¿Y-ha desaparecer conmigo,
vai a expirar nos meus labios
o gallego, esta faliña,
Cristo d'as linguas, que exalto?

¡Mil veces non! Tentadores
ollos, qu'eclipsaran astros,
pedindo están novas lyras,
farán nacer novos cantos...
Y-a Fala, ¡a *floriña humilde*
d'os ermos, o Idioma Pátrio
en que as fonteliñas rezan
e garulan os paxaros,

ainda máis que á *rosa d'ouro*
¡que bendice o Padre Santo!,
¡máis ainda, Pai d'o céyo,
o veneran meus paisanos!,
y-ha ser sempre, cal n'outrora
foi o Númen d'o Rey Sábio,
pr'os desterrados, suspiro
e pr'os opresores, rayo!

Noriega, non séi si por escrúpalos ou recelo daquilo do rayo prós opresores, máis tarde “limou” aquel final, deixándoo soaviño e “amábel”, pero tolléndolle o vigor con que o romance remataba. Por aquelas datas, o poeta poñía escola na Graña de Villarente, onde había de coñecer a Iglesia Alvariño.

Convén fixarse en que o romance envolve todo o senso estilístico do autor e que nil hay muitas verbas e hastra ideas consoantes co Latín. Tan sinxelamente encaixa Noriega as verbas no poema que forza ao que o lé a poñer a atención só no senso dilas e por iso, no agurgullar das verbas o lector non se decata se son ou non enxebres. Así temos: “Para ben persuadirvos”, “En Mondoñedo privaron”, “Por disposición do Olympo”, “Cristo das linguas que exalto”, “Tentadores ollos, que eclipsaran astros”, e outras.

E inda no romance hay a grafía que o Noriega usaba. As verbas “Reyna”, “Númen”, “Olympo” e algunhas máis levan acentos que non lles fan falla ou letras que xa non se usan. Mais o poeta nisto non admitía que lle tollesen nin un apóstrofo ou unha coma, pois dicía que, inda que non se precisasen pra entender o que se escribía “facían bén pra lér”, porque opinaba –e daquela tiña razón–, que a pronunciación galega non podía representarse exautamente coa notación gráfica que naqueles dias se empregaba.

GROSARIO DO ROMANCE

Vexamos agora as relacións do romance noreguián cos autores latinos. De pirmeiras haberá que lembrarse de que xentes de todos os países, ao adequerir a fama, chufaron, máis ou menos abertamente, a súa laboura. E percuraron emparellar o seu nome co doutros famosos. Na Literatura do Lacio hay muitos eixemplos.

Marcial, faguendo a nómina dos poetas meirandes do seu tempo, non tivo recelo en afirmar:

Te, Liciniane, gloriabitur nostra,
nec me tacebit, Bilbilis¹²

Ovidio puxo ao par do de outros o seu nome:

Ponticos Heroo, Bassus quoque clarus Iambo,
dulcia convictus membra fuere mei.¹³

E na mesma “Elexía”, falando de Horacio, Tibullo e Propercio, dí:

Quartus a his serie temporis ipse fui.¹⁴

E inda o mesmo Horacio, inda que coidaba que, fora do vello Homero, non houbera endexamais poeta meirande que il mesmo, non lle deu aquel ningún o poñer o seu nome ao par do de outros grandes poetas do seu tempo.

Ora Noriega fai cousa somellante no seu romance. Leiras era xa famoso. E o “Poeta da Montaña” pon o seu nome ao lado do do médico-poeta. Pois dí que “a Gaya Cencia dos vates, que en Mondoñedo privaron”, herdárona Leiras e il, como os derradeiros “epos” dos poetas da cibdade do Masma. E véxase como, por dar máis senso crásico ao que dí, asegura que a herdá lles veu a entrambos “por disposición do Olympo”.

Mais ainda que Noriega achegue o seu nome ao de Leiras, contrapón a obra dil á súa. Leiras era médico e coñecía poriso as lacerias do pobo, as inxusticias que padecía e os problemas sociaes vivos. Diante a vella Superstición erguía a nova verdá da Hixiene. A súa Musa era, ás veces, amorosiña, pro non embargantes sempre tiña algo que rosmar, e no afán de librar ás xentes labregas do estado en que se atopaba, zorregaba trallazos a un lado y-autro destemido e rexo.

A musa noreguián era un abellón ático, que zuga o mel en cada fror, en cada “cousa bonita”. Mais non tén aguillón. Somentes nunha ocasión parcia que iba a perder a dozura ao pedir unha fouce, pro deseguida se arrepite. Por iso entre o Médico loitador e o Mestre humanista hay un fondo val, que os asopara, non só no formal, mais tamén no verbal.

Noriega lembra a súa Musa, e así como Ovidio sintíu vergoña de cousas que a súa lle ispirara, pois dixo aquilo de “Vita verecunda est, Musa jocosa, mihi”¹⁵,

12 Marco Valerio Marcial.- *Ad Licinianum*. Epigrama LXII.

13 Ovidio. *Tristium*. Liber IV. Elegia X.

14 Ovidio. *Tristium*. Liber II. Elegia IV. (N-outros lugares, Ovidio adica verbas de queixa á súa Musa, porque o aconsellou mal e lle fixo escribir “do que naide é iñorante”, quer dicerse de cousas do amor, o que lle custou ser destarrado ao Ponto Euxino).

15 Ibidem. Liber IV. Elegia X.

tamén o noso poeta se arrepiñe das trouleadas da idade moza, e tén que confesar que tamén a súa Musa foi “jocosa”, pois como andivo toleando por camiños, montes, festas, eiras, fiandós e adros de eirexas, porque tamén como o Ovidio puidera asiñalarse dicindo:

Ille ego, qui fuerim tenerorum lusor amorum¹⁶

e, polo mesmo, tivo que confesar que había moitos testigos “de canto a tentou o diaño”.

Cando a Musa do poeta de Mondañedo foi “moza vedraya”, ou moza que tén veteranía na mocedad ou que é vella xa como moza, deixouse de toleadas e púxose a mirarse nas pucharquiñas que fai o orballo, que en Mondañedo confóndese co *barruzo*, a auguiña miúda que, por aquiles pagos o Cantábrico deixa cair sober do val, tal como a víu outro poeta da cibdade do Masma: Álvaro Cunqueiro. Así cantou Noriega “as lágrimas d’a aurora”. E a súa Musa demorou pra ver, como no texto grego, o xeito con que “a humildosiña viola, de soaviño cheiro, estende as follas dos seus pétalos”¹⁷.

Mais a xuventude íbase quedando atrás. E Noriega sinte a pena fonda de verse avellentado. As bágoas que vertía cando lía o romance que estou grosando eran como un adeus á vida de “picariño” e de mozo varil, que se iba asulagando na lagoa fría da vellez. E xa non lle pide á súa Musa, como Virxilio o fixera coa súa ao dicir:

Musa, mihi causas mémora¹⁸

que lle poña diante as lembranzas doutros tempos, senón que con fonda malinconía dí dela:

De presente, a miña xoya
tén moitos cabelos brancos.

Cabelos brancos... Neve na cabeza, anuncio do tempo xeado da vellez. Quizabes non sabía que a isa triste neve se referíu Ovidio moitas veces. Nun sitio dí:


Jam mihi deterior canis aspergitur aetas,
jamque meos vultus ruga senilis arat¹⁹

16 Ibid.

17 To Eap. *A Primavera*, “Ozonta gluku tapeinon íon ána-ptüsei tá pétala”.

18 Virxilio. *Aeneidos*. Liber I.

19 Ovidio. *De Ponto*. Liber I. Eleg. V.



E noutros quéixase:

Jam mea cigneas imitantur tempora plumas,
inficit et nigras alba senecta comas²⁰

Jam mihi canities, pulsus melioribus annis, venerat.²¹

A Noriega non lle facía falla lembrarse das enrugas da cara, pois abondáballe tamén con saber que tiña a cabeza com-á pruma do cisne. Por iso xa non ten os anceios da mocidade, e as ilusiós xa son outras ou vanse perdendo. Tamén nisto había de somellarse ao autor dos “Tristes”, que deixaba adiviñar os saloucos cando esquirbía:

Injicietque manum formosa damnosa senectus.²²

Aspera militiae juvenis certamina fugi.²³

Mais hay no romance outro trecho en que Noriega amosa outra crara somellanza con Ovidio, inda que endexamáis leu a Elexía en que a idade está contida. O poeta lugués dí:

...E raposiñando, os anos,
inda que terca resmunga,
fana camiñar pra baixo.

Véxase agora ao poeta do Ponto:

Et peragit lentibus passibus annis iter.²⁴

e noutros sitios, porque se ve que lle doía o lento pasar dos anos,

Interea, tacitu passu, labentibus annis.²⁵

Compárese agora a idea de Noriega e a de Ovidio. O noso poeta amósanos o tempo “raposiñando”, chegando paseniño e calado como raposo se vai chegando áo galiñeiro, saíndo de entre o centeo entre o que estaba anicado. Tamén Ovidio lembra á vellez chegando pasiño a paso, coma gatexando, ao dicir que vén “strepitum non faciente”. Noriega amósanos a sua Musa camiñando pra

20 Ovidio. *Tristium*. Lib. IV. Eleg. VIII.

21 Ovidio. *Ibid.* Liber IV. Eleg. X.

22 Ovidio. *Ibid.* Liber III. Eleg. VII.

23 Ovidio. *Ibid.* Liber IV. Eleg. I.

24 Ovidio. *Ibid.* Liber IV. Eleg. X.

25 Ovidio. *Ibid.*

baixo, inda que o fai rosmando, porque xa lle falta o vigor antigo. Ovidio verte bágoas sober das forzas que a vida lle tollera, pois con elas vaixe a agudeza do senso. Di o poeta dos *Fastos*:

Contudit ingenium patientia longa malorum;
et pars antiqui magna vigoris abest.²⁶

Nisto os dous habían de asomellarse a Virxilio, que tamén salouca porque sabe que contra a vellez non hay verdadeira esperanza. Por iso fixo dicer a un dos seus herois:

Spem vultu simulat, premit altum corde dolorem.²⁷

Non rematan, con todo, eiquí os paralelismos do Noriega cos crásicos do Lacio. “O Cantor da Montaña”, despois de falar da súa obra, ponse a cavilar sober si, desque il pase a millor vida, xerará Mondañedo ou non novos poetas. ¿Sería il o derradeiro?... Ista pregunta fai que a conteste ceibando, como o explodir dun foguete, aquel berro cuasi épico: “¡Mil veces non!”, pois sabe que “tentadores ollos, que eclipsaran astros”, farán que as Musas fagan xermolar versos novos, pois a Poesía non pode deterse e tén que estar sempre a andar, a andar, a andar...

Cousa somellante dixera Horacio:

...vetus interit aetas,
et juvenum ritu florent modo nata vigentque
debemur morti nos, noastraeque²⁸

Ovidio, pola súa parte, dixo que sempre haberá poetas, porque

Exorant magnos carmina saepe deos.²⁹

No romance, é verdade, Noriega fixo as honras fúnebres á súa xuventude, pro deixou tamén a proba nidia de que o Lacio foi pra íl a saxita que lle asiñalou o camiño que leva á porta grande por onde se entra no Parnaso.

NORIEGA E A NATUREZA

Lendo os versos do romance, atópase a cada trecho a formación que os crásicos araran no poeta. Virxilio, ao desbravallo, como il dixo, abriulle os ollos

26 Ovidio. *Ibid.* Liber III. Eleg. XII.

27 Virgilio. *Aeneidos*.

28 Horacio. *De Arte Poetica Liber*. Versos 61, 62 y 63.

29 Ovidio. *Tristium*. Liber II.

para a contemplación dos “asaz selvosos lugares”. Noriega sabía de mamoria iste trecho virxiliano:

...Tibi lilia plenis,
ecce ferunt nymphae calathis: tibi candida Nais,
pallentes violas, et summa papavera carpens,
narcissum et florem jungit bene olentis anethi.
Tum, casia atque aliis intexens suavibus herbis,
mollia luteola pingit vaccinia caltha.
Ipse ego cana legam tenera lanugine mala,
castaneasque nuces, mea quas Amarilis amabat³⁰

Será ben decir que, adicado Noriega nos derradeiros anos da súa vida ao ensino do latín pra escolantes dos Istitutos, tornou a lér aos crásicos e a aprender de mamoria trechos de poemas latinos. Mais no trecho virxiliano que remato de citar, o Mantuano da unha visión do *rus* como oposto á *urbs*. As azucenas, as violas, a casia, o xirasol, a adormideira, os xacintos, os pexegos, as castañas e as noces, eran idealizadas polo poeta pra erguer sober do conxunto campesío unha finxida ou certa Amarilis.

Noriega colle tamén o tema do *rus*. Pro reixeitando “as rosiñas brancas e os craveles roxos”, por ser frores que puideran ser tidas, por asi decilo, como “aristocráticas”, canta as frores dos toxos, os felgos, as abrulas, os samargos. Cada poeta tén un xeito de encarar a vida e de ver as cousas, a versifica aquilo que é máis do seu gosto. Xa Virxilio deixou dito que

Trahit sua quemque voluptas.

Muitas veces sin sabelo, Noriega deuse a man con poetas do Lacio e ainda doutras terras. No poema “Pr’ás canónigas” amosa a malinconía que sinte en non poder ir “Ás San Lucas” a Mondañedo. E dí con tristura que “xa pasou a mocedá”. ¿E non se atopa esta mesma idea en Ovidio?:

Nec juveni lusus, qui placuere, placent.³¹

Noutros poemas atopamos relacións entre o cantor dos “Tristes” e o “Cantos da Montaña”, cando entrambos se lembran de que o fogar en que viviron estaba achegado aos tempos.

Noriega dí:

30 Virgilio. *Eglogae*. Eglo. II. “Alexis”.

31 Ovidio. *De Ponto*. Lib. I. Eleg. V “Ad uxorem”.

Santiña milagrosiña,
¿lémbraсте? A nosa casiña
ond'á tua...³²

Eis agora a queixume de Ovidio porque os deuses, pesia a estar perto da sua casa, de pouco lle valeran na disgracia:

...adhuc Capitolia cernens,
quae nostro frustra juncta fueri lari.³³

E noutro lugar había de tornar á mesma idea dicindo:

Quaerentem frustra custos me sedibus illis,
praepositus sancto jussit abire loco.³⁴

Cando Ovidio gasta longas fiadas de versos en chorimicarlles á muller, aos amigos e ao mesmo César pidindo que o arrincasen do Ponto Euxino, fainos lembrar a Noriega, queixándose de haber sido mandado dendes de Foz á outra beira de Galicia. Ovidio describe os lugares tristes en que se atopa. Noriega dí dos de Calvos que niles

Viste d'inverno a coroz
pra resistir a saraiva,
y-o ulular asobiado
d'os lobos, f'urtalle a calma.
De vrau ergue as maus ó Ceyo
si os trebós non-a asolagan,
e de respirar sé esquence
mentras non recolle a anada.³⁵

E cando dí do lugar que “as casas, vellos pombales semellan”, e non lugar pra que os homes vivan, hay tamén unha somellanza con Ovidio cando decía que nas terras do exilio non podía acharse “domus apta satis”.

O SAGREDO DA FELICIDADE

O poeta lugués tamén cantou a paz da aldea, a felicidade que pode acharse cando un se contenta co que tén de seu, cando, pode ser, como dixo o poeta

32 Noriega. *D'o Ermo*. “Cantar montañés”.

33 Ovidio. *Tristium*. Lib. I. Eleg. III.

34 Ovidio. *Ibid*. Lib. III. Eleg. I.

35 Noriega. *D'o Ermo*. “Calvos de Randín”.

castelán, “ni envidioso ni envidiado”. Noriega pónnos diante os ollos un velliño contento coa súa sorte, e que, sin dicir o

Vivitur parvo bene³⁶

horaciano, mantén, con todo, á mesma idea. O probe aldeán dice:

Ó vel-a neve na cume
d'a Frouseira, xunto leña,
e veña o inverno que veña
descuido acarón do lume.³⁷

Lendo istes versos acódenlle a un á mamoria os versos Tibulo, que teñen o mesmo senso dos do poeta lugués, pois din:

Me mea paupertas vitae traducat inertī,
dum meus assiduo luceat igne focus.³⁸

Horacio, pola súa volta, dixera o tan coñecido “Beatus ille”; máis tamén había de loubar a vida de pastor, ao dicir:

Te greges centum, Siculaeque circum
mugiunt vaccae...³⁹

O vello noreguián, que se prantaba “Diante d’os que atruxan forte”, amosando a paz e felicidade da súa probeza, dixo o mesmo que dixera Terencio:

Quidvis stis est, dum vivat modo.⁴⁰

e o Virxilio, tamén referíndose a un vello que estaba ledo co que tiña e lle abon-daba, tamén fixo a loubanza do humilde, nos coñecidos versos das suas *Bucolicas*, que din diste xeito:

Fortunate senex, ergo tua rura manebunt
...et tibi magna satis.⁴¹

E inda podemos dicir que no poema de Noriega atópanse resumidas as causas que fan a felicidade do home, e que Marcial contara así:

36 Horacio. *Ode XVI*. “Ad Grosphum”.

37 Noriega. *D’o Ermo*. “Diante d’os que atruxan forte...”

38 Albio Tibullo. *Elegia ad Messalam Corvinum*. Liber I.

39 Horacio. *Ode XVI*. “Ad Grosphum”.

40 Publio Terencio Africano. *Heautontimorumenos*. Actus quartus. Scena.

41 Virgilio. *Bucolica*. Egloga I. “Tityrus”.

Vitam quae faciunt beatiorem haec sunt:
Res non parva labora, sed relictas,
non ingratus ager, focus perennis⁴²

Muitos outros puntos de contauto poderá asiñalar entre Noriega os crásicos latinos. Coido que abonda cos eixemplos postos pra deixar asegurado que, por entre os poemas do noso poeta, paira o esprito do Lacio, que axudou ao noso bardo a chegar até as cumes da forma poética.

CONTRA A IDEIA DO PRAXIO

Polo que deixo dito, pode darse que non falte quen coide que Noriega, máis que poeta orixinal, foi un simples imitador dos crásicos de Roma. Quero darlle o alto aquí ao pensamento de quen tal coide. Xa o Ovidio, inda que foi poeta que puxo más sentimento que pensamento nas suas obras descubriera que os homes teñen moitas veces as mesmas fontes de inspiración, e, porén, ideas que son comúns aos poetas todos. Somentes varía –e nisa variación está a orixinalidade– o xeito de apresentationas. Ben craro dixo o poeta de Sulmona:

Sunt tamen inter se communia sacra poëtis,
diversum quamvis quisque sequamur inter.⁴³

Hoxe é doado saber que houbo poetas de países que por moitos séculos foron ignotos pra o mundo. Cando agora se dan a coñecer vese que aquiles primitivos poetizaron temas que hoxe se atopan nas obras dos poetas dos pobos que chamamos “cultos”, e sábese que non puideron praxiar a poetas que non coñecían.

Tanto na Poesía como no Arte a Humanidade ten xeitos comúns de expresión. Cando se atopa nos nosos días nun vello castro unha pedra en que está labrada unha tosca faciana, vemos que cuasi sempre é somellante a que un rapaciño de hoxe adoita facer escarabellando á súa vez noutra pedra.

Digo isto, porque Noriega, que era poeta, tiña que sentir perante o que a vida lle ofrescía, a chamada de inspiración que os crásicos tiveron, inda que non houbese lido aos crásicos. Non coido que naide se astreva a dicir que non foi un arranque de seu o querer limar, correxir, cambear e hastra queimar algúns dos seus poemas, que xulgou un pouco meritorios e hastras ás veces pecaminosos⁴⁴.

42 Marcial. *Epigrammata*.

43 Ovidio. *De Ponto*. Lib. II. Eleg. X. “Ad Macrum”.

44 En carta ao autor, comentando que non se facía o que il quería na edición de *D’o Ermo*, que se estaba facendo en Lugo, queixábase de que o encarregado da antoloxía das suas obras non quixese “seleccionar como se lo demanda mi conciencia: en esas pruebas MUTILADAS, no amputó

Ovidio tamén limou ou fixo queimar outros seus, como Guerra Junqueiro pidía nos derradeiros días da súa vida que se recollese a edición de *A velhice do Padre Eterno*.

O autor dos *Fastos* deixou dito:

Multa quidem scripsi: sed quae vitiosa putavi,
emendaturibus ignis ipse dedi.⁴⁵

Naide pode vencellar tampouco a idea de Noriega no romance que ten lido, na que deixa ver que a súa obra quedará e hastra será seguida por outros, á mesma idea que hay nos crásicos. Non era Ovidio un praxario de Horacio, cando decía muy chufón que

Ibit ad occasum, quidquid dicemus ab ortu

ou cando, comparando a súa obra cos grandes moimentos de Roma decía con fachenda:

Majora libelli et diuturna magis sunt monumenta mei.

E naide chamou praxiario a Marcial por haber esquirto verbas somellantes as que Horacio, con un aquel de soberbia, había dito no poema en que se vanta da súa obra asegurando:

Non omnis moriar, multa que pars mei
vitabit Libitinam. Usque ego postera
crescam laude recens, dum Capitolium
scandet cum tacita virgine pontifex⁴⁶.

Non, meu señores e amigos, non: Noriega non foi un praxiario, como nono era Antonio Nobre cando comparaba os seus versos cos de Virxilio naquel trecho que dí:

Sempre é agradable ter un fillo Virxilio,
ouvir estas carmes que compuz no exilio,

e nono era tampouco o José Duro, cando, comido pola tisis e dándolle cuasi-mente un adeus á vida, mantiña a seguridade da pervivencia da súa obra des-
pois de morto ao dicer:

DOS ya con A GANGRENA". A unha dilas xulgabaa "abiertamente impía" e da outra dicía que era "descaradamente libidinosa". Ista era o poema "Abrulas", samente porque decía: "...remuíño cando bailas, -entena cando me chuchas -na boca".

45 Ovidio. *Tristium*. Lib. IV. Eleg. X.

46 Horacio, *Ode V*. "Augusti laudes".

O poeta nunca morre, embora seja agreste
a sua inspiração e tristes os seus versos.

Con todo o que deixo dito quero chegar a ista conclusión: Noriega pon na sua obra ideas que son herdá da Humanidade e foi un poeta con feizón y-estilo própeos, mantendo ao longo de toda a sua obra a unidade estilística, que pra toda obra de Arte pidíu Benedetto Croce⁴⁷ e sigue pidindo hoxe Matteo Marangoni⁴⁸.

DEVOCIÓN POLO LATÍN

Noriega, xa camiñando polas rilleiras da vellez e, por non esquencer o latín, aprendía de memoria algunhas composicións dos clásicos, non somentes polas ideas que podían ter, senon porque –como il decía– axudaban a manter no ouvido o ritmo do verso e a sonoridade das verbas. E inda que o confesaba co clásico que

pars antiqui magna vigoris abest,


a sua devoción polo latín medraba según iba pasando o tempo. Por iso o empregaba en toda ocasión. Cando o Auntamento de Mondañedo fixo unha nova edición de *D'o Ermo*, o poeta puxo en latín, porque decía que era o xeito de que fosen eternas, as verbas de agrasdecemento.

Todos saben que empregaba as redondas frases latinas, cheas de sonoridade, nas adicatorias de seus libros aos amigos e benfeitores. Frases como “Cor tibi magis Noriega pandit”, ou “Pectore toto”, ou “Dilectissimus tibi” e outras somellantes andan nas gardas dos libros por il adicados. Eu gardo devotamente un eixemprar da derradeira edición de *D'o Ermo*, no que me dí que o libro é “Comitis, atque simul amici, donum”.

No semanario de Mondañedo *Vallibria*, que deixou de aparcer fai anos, publicou Noriega unha segunda serie de *Como falan os brañegos*, que el chamou “Circunlucióis”, pero engadíndolles o calificativo de “ultra modum populares”. Nisa serie, cando quería dar a definición exauta de algo, empregaba o latín. Así pra dicir o que era o argadel que outrora se usaba nas festas de Mondañedo e que lle chamaban “O Tanguero”, Noriega asegurou que era “lubrica atque versatilis figura” axuntando na definición a idea de movemento e o senso malicioso que “O Tanguero” tén no popular.

47 Benedetto Croce. *La crítica e la storia delle arti figurativa*.

48 Matteo Marangoni. *Saper vedere*.



Direi agora que nisa derradeira edición, saída dos prelos lugueses, o poeta encabezou algunhas composicións con frases como istas: “In conspectu maris”. “Popularis aura”. “Regina pacis”, “Tenuis umbra”, e rematou co acostumado “Soli Deo gloria”.

A LINGUA GALEGA EN NORIEGA

Si algún coida que, porque o Noriega empregaba nos seus poemas verbas non usadas na linguaxe falada, deturpaba o idioma galego, mal coñece como as linguas se fan ricas e eixpresivas. Achegarse á raigaña etimolóxica non é deturpar o idioma. Así, naide pode decir que “â centella dos galiñeiros” –como Noriega chamaba ao zorro– non se lle pode dar máis nome que o de “raboso” ou raposo, cando nalgús lugares se lle chama “o golpe”, nome que a semántica modificou dendes do orixinal latino de “vulpes”. Ao muricego inda se lle chama en algunhas terras luguesas “vistrelo”, con derivación crara do “pipistrellus” do Lacio; ao instrumento que chamamos “eixado”, noutros sitios chámalle “ligón”, con raigaña latina. E na zona costeira da Galiza e de Portugal, aos porquiños pequenos chámalle “bacoriños” tamén con crara derivación do grego “bájoros”.

Hoxe, gracias al Señor, hay un galego literario, con muitas e boas obras xa publicadas. Isto é perciso, porque hay que teimar por fixar a lingua en vieiros comúns, se non queremos que a lima xorda do tempo e a presión que outras linguas, incluso algunhas extrapeninsulares, vayan facendo do galego unha mezcianza de verbas, que a il se van aplegando por muitos xeitos.

Hay que fixar a lingua. Mais isto non quer dicer que cada autor non poida empregar xiros e verbas do seu entorno ou da terra nativa, xa que cada home tén un modo própeo de eixpresión e frases que, porque unha lingua é algo vivo, danlle riqueza, variedade e colorido, pois as linguas saben fagocitar o que les é própeo, con tal que o que se les achega non seña unha célula maligna que atente ao ser mesmo da língoa.

Noriega nas suas verbas está sempre perto das limpas fontes latinas e lonxe da “contaminación” de linguas axenas á nosa morfoloxía, que si eisixe un “ortos” no fónico, tamén o pide no verbal. Por iso non extrana ver que, estimando o craro crasicismo dos versos de Noriega, ilustres esquirtores loubaran o que o poeta esquirbiu. O mesmo Teixeira de Pascoaes díxolle: “Na verdade, a sua obra é uma das máis raras na literatura peninsular, é uma sublima revelação da alma galega, que nasceu para dar ao mundo a expressão máis pura do lirismo, a máis idéntica á luz orixinaria que dissipou as trevas”.

O sairse das trilladas carrilleiras polas que camiñaba hastra il a expresión poética, non foi en Noriega ir contra o enxebrismo lingüístico. Noutros pobos houbo esquireiros que foron loubados por facer na súa lingua o que Noriega fixo no galego. Eis o caso, por exemplo, do poeta italiano Carlo Betocchi, que tivo, por máis de unha razón, muita somellanza coa temática noreguíán.

Betocchi escribiu temas humildosos e meteu no italiano oficial verbas que non eran de uso xeral. O coñecido esquiretor Pratolini fixo un ensaio sober do poeta, e gañou o premio Viareggio. Referíndose ao ensaio e ao Betocchi, máis tarde Luigi Balducci non exitou en dicir que o poeta tiña unha rexa persoalidade, porque si na temática “la umiltá della loro rima o assonanza si richiama al gusto preciso del poeta, e quel senso vivissimo in lui de povertá cristiana”, ao empregar vocabros saídos do seu toscano e non correntes no italiano oficial, pro que tiñan un senso estético intencional, Betocchi –según di o Balducci– compre o que “naturalmente si richiede al poeta”, quer dicirse “certo «quid», quel di piú e que e quella novitá que egli solo puó e deve darci”⁴⁹.

Noriega deunos esa novedá na forma. A súa Musa estivo, como a do Betocchi, “amussata sempre da un ché di squisito”. Ise “que” e ise “algo” nascido tamén ás veces da riqueza espritoal que tiña, casada por veces tamén, coa probeza cristiana.

NORIEGA E O CRÁSICOS, VISTO POR OUTROS AUTORES


Esgrevios esquireiros comentaron, inda que fose de pasada, a formación crásica de Noriega. Entre os xuicios que dil se fixeron, e que veñen a dar forza ao que deixamos dito, citaréi o que o Mestre Ramón Otero Pedrayo dí nun libro:

Noriega é indiscotido príncipe d’unha rexión da Galiza, con ser fino catador de total-as esencias da Terra. Seu reino non tén marcos en latitud senón en outura. A cen metros sob’o lombo do mar non se entende a Noriega. Precisa pra alentar un ser ceibe, vibradoiro de lonxanías.

Y-engade Otero Pedrayo:

⁴⁹ *Cronache culturali*. Anno V. Fascicolo 4. Ottobre, 1955. A cura do Instituto Italiano de Cultura.

Vide asimesmo o traballo de Luigi Balducci no *Eco di Bergamo*, 2 de setembro do 1955, sobre o poeta Carlo Betocchi, no que dí: “...si dovrà dire che un indicazione delle «fonti», pero adoperare un altro termine che é solo di comodo, ben lungui dal costituire una limitazione di quelle stesse personalitá, le richiami bensí da una concreta dimensione di cultura, a una partecipazione seria e impegnata al senso del tempo”.



Noriega estudaba no Seminario. Con bos mestres, pois fíxose un latino de primeiro orden. O fino istinto poético levouno a gostar o labio máis segredo dos épicos, dos líricos, dos elexíacos.

E despois de expricar o valor humán de Noriega, dí:

Escuitaba ruxir (en Trasalba) a grande carballa do campo da feira, paseaba trazando versos ou cavilando no amado Portugal, no misterio de Ovidio, no carácter d'un paisano rexo baixo os castiñeiros⁵⁰.

E Francisco Leal Insua dí:

Tanto las *Bucólicas* como las *Geórgicas*, libadas en su primer linfa, purificaron el gusto de Noriega en los años de disciplina escolástica... Y lo que en Virgilio fue videncia, en Noriega fue saudade⁵¹.

ANCEIO QUE DEBE COMPRIRSE

Noriega, inda que a sua vida decorreu entre aperturas económicas, perdas de familiares e inquedanzas pola mudanza da escola, nunca foi un chorimi-queiro. Xamáis dixo como Ovidio:

Et gemitus vox est magna futuri mei,

nin cifrou a su hestórea na suma dos males, layando co poeta dos *Tristes*:

Sum miser: haec brevis est nostrorum summa malorum.

O poeta lugués non só non se ergueu con desespero contra a sorte, senón que chegou até a cantar á probeza, dicíndolle:

Xa qu'eres da miña sangre,
hirmanciña que venero,
¡dácame un cento de bicos!
e olla o que ben che deseyo

Hay, con todo, unha somellanza co poeta latino das *Elexías*. Iste, cando perdeu a esperanza de volver a Roma, lanzou coma un baladro xemente este adolorido berro:

50 Ramón Otero Pedrayo. *Pelerinaxes*. Prólogo e ilustracións de Vicente Risco. "Nos". Volume XXXVIII. A Cruña, 1929.

51 Francisco Leal Insua. Prólogo ou máis ben estúdeo final no libro *D'o Ermo*, do que se fai unha cuarta edición, engadíndolle poemas de *A virxen y-a paisanaxe* e de *Montañesas*. Lugo, 1946. Tip. "La Voz de la Verdad".

Ut saltem patria contumularer humo.

Noriega, inda que no seu poema “Porque non son profano” pidía nun senso literario que o enterrasen nun camposanto montañés, o verdadeiro anxeio, o que no fondo da alma sentía cando escribú:

¡Ay, Dios!, y h-a chegar a hora
de salir pra dormir fora!,

era o de que o seu corpo descansara pra sempre no camposanto da cibdade de Mondañedo, na que nacera.

Hoxe dorme o sono eterno en Viveiro. A cibdade do Landro honra ao túmulo do poeta. Mas ¿non sería ben, señores académicos e amigos todos, que, como se fixo un día coas cinzas de Pascual Veiga e coas de Pastor Díaz, as cinzas de Noriega foran levadas a onde il víu a pirmeira luz? Coido que facelo así sería un dos derradeiros anxeios que tivo o poeta.

E si iso se lograra, quizabes debera poñerse sober da lastra da sua tumba, como unha suma da sua vida e da sua obra, este apitafio:

ANTÓN NORIEGA VARELA
Poeta.
Amou.-Sufríu.-Cantou.

Teño dito.

Resposta do excelentísimo señor don
Álvaro Cunqueiro Mora



Señores académicos:

Unha vella amizade, nacida no meu Mondoñedo aló polo 1920 cando Xosé Trapero Pardo estudaba no Real Seminario Conciliar de Santa Catalina, xustifica que fale agora eu eiquí, facendo un breve discurso de resposta ao tan belido do recipiario, no que tanto nos dixo sober Noriega Varela entre os poetas do seu tempo, a vida i os traballos do autor de *Do Ermo* e a presenza viva dos clásicos latinos na poesía mais fina e fonda de Antón Noriega Varela.

Xosé Trapero Pardo foi un de tantos rapaciños que baixaban a Mondoñedo dos diversos recunchos da vella diócesis, dos antigos arcedianatos de Miranda, de Montenegro ou de Azúmara, pra ingresar na grande casona do XVIII onde ían adprender as froles gregas e latinas, a filosofía tomística e a ciencia teolóxica. El baixou dende a fermosísima Terrachá, na que as abidueiras miran nas lamas como as peitea o vento. A mirada aberta do chairego tivo que aceptar as outas cumes que pechan o vale, e somentes nos paseos comunitarios de xoves e domingos deica Folgueirarrasa ou á volta de San Calros, lle sería dado ver mais aló da cunca de Mondoñedo, ollar a craridade que anuncia, coma no verso do Dante, “il dolce tremolar della marina”, das Mariñas luguesas, deitadas ao sol, ribeira cantábrica da terra nosa. E cando eu lia no fermoso poema que Trapero Pardo lle adicou ao Mariscal Pardo de Cela, ao chegar a aquel pasaxe no que conta coma das ameas da outa Frouseira pódense ver no verde mar os lentos galeós, eu coidaba que a Trapero Pardo lle pasara o que a mín, maxinar o mar de Foz e de San Ciprián dende as encostas da Pena da Roca ou do Padornelo, o monte noso, de Trapero Pardo e de servidor, mais paternal i amigo. Monte de Noriega Varela tamén, anque íl preferira a todo as brañas de Romariz i as uceiras de Labrada.

A cadeira de latin do Seminario –e un dos seus mestres mais goriosos é correspondente dista Real Academia, e por moitos anos, o profesor Fanego Losada, i un distinto numerario, o profesor Chao Espina, un mariñán de Viveiro, coñeceu nela a dozura virxiliana–, estaba na pranta baixa do casón, e abría a sua

fiestra mesmo onde arrimaban, na Praza Nova, os feixes de palla, e tendían a obra sua os cazoleiros dos Muiños e do Couto, i a poucas varas, poñíanse os carboeiros, cos seus carros acanastrados. E os labregos, os cazoleiros i os carboeiros podían escoitar a grave craridá das verbas latinas misturadas co pausado parrafeo do regate mercantil. Cando eu coñecin a Xosé Trapero Pardo, xa vivía no pazo episcopal, e tiña sona entre os seus compañeiros e mestres de poeta e de leitor, a escuso, de libros novos, algúns dos caes chegaran ren menos que de Paris. Coido que xa daquela algunha rondalla de Mondoñedo cantaba canciós con letra de Trapero Pardo, i algunha mociña fermosa recibía do aprendiz de poeta un madrigal, fresco coma unha rosa collida nunha mañán de abril. Trapero Pardo foi o meu primeiro profesor de francés, pro foi tamén pra mín, e pra moitos compañeiros seus de Seminario, un eixempro de curiosidade inteleitual. Soupo mui ben o latín –e o seu discurso ben nos amosa con que finura poido lér os clásicos, o Virxilio inesquencibre, o omnipresente Ovidio, César craro, severo e súpeto, i a namorada dór catuliana–, pro tamén se interesou póla arqueoloxía e póla historia, dende a cerámica castrexa ate os castelos esmoreados da terra luguesa, dende a custión britoniense á aventura do mais notorio, e de triste fin, dos condes tolos da terra mindoniense, o Mariscal Pero Pardo de Cela. E gostou da pintura, da cerámica de Sargadelos –algún día, aínda viña un asado á mesa do seu bispo Solís nunha grande fonte cun paisaxe das Indias en azul–, da música, de Baudelaire –que gracias a íl poido lér Aquilino Iglesia Alvariño–, de Ruben Dario e daquel amigo portugués de Noriega, o xigantesco Teixeira de Pascoaes...

Xosé Trapero Pardo, abandonados os estudos no Seminario, dirixiu en Mondoñedo un semanario no que moitos escritores do norte da provincia luguesa publicamos os nosos primeiros versos i os nosos primeiros artigos. Trapero Pardo coidaba aos novatos con mimo, e pra moitos –e pódese ver nisto unha confesión persoal–, o empuxón foi decisivo. Foi por entón cando publicou o seu poema adicado ao Mariscal, no que os mindonienses apreciamos mais que nada aquel canto á vella fonte que donou á cidade o bispo Soto e Valera nos días do César Calros, e no que os versos de Trapero Pardo verquen a imaxe coma os caños da fonte a auga crara. Trapero Pardo, no semanario *Vallibria*, escribía muito e ben, e de varia leición, cunha prosa ecónoma e solta, mui doada no adxetivo solprendente, e cunhas finas pingas de ironía, aquí i acolá. Porque quen agora, por cada San Froilán, escribe en *El Progreso* de Lugo ises regocixantes artigos coas andanzas da familia Pelúdez –un persoaxe por Trapero Pardo creado e xa incorporado ao folklore lugués–, ten por acusada característica un vivo senso do humor, un humor á vez retranqueiro e creador, é decir, noso i

universal. Un libro seu de versos, exercicio de vacaciós dun ironizante intelectual, *Lóstregos e Moxenas* é unha boa proba délo. Coma son boas probas do seu amor pólo popular, pólas costumes i a vida das nosas bisbarras campesiñas, outras obras suas coma a peza tiduada *Non chores, Sabeliña*... Na conta de Trapero Pardo hai que pór, xunto a unha variada tarefa no xornal que neste intre dirixe, unha manchea de artigos, mais de mil sin dúbida, adicados a cousas, paisaxes, monumentos e persoas da provincia de Lugo. Un inventario en vivo, artístico, histórico, literario e pintoresco da nosa provincia, continuado deica agora mesmo, laboura cotián, e que en conxunto da un retrato de Lugo tan complexo coma fondo. Un estudo sobre a pintura mural en Galicia, as suas pubricaciós coma Cronista da cidade de Lugo, os seus traballos en *Lucus* e no Museo... Sería conto de nunca acabar, e verdadeiramente non fai falla seguir, porque unha vida intelectual adicada a Galicia, aos traballos i aos días galegos, fica ben patente.

Poucos coma Trapero Pardo poideron haber pronunciado o discurso que ficamos de ouvir. Poucos ou ningún. Porque coñeceu a Noriega Varela, que o respetaba, i a paisaxe de Noriega, dende Vilarente ao mar de Viveiro, e amou, como aquél que tivo unha musa queiroguenta, isas voces antigas que predicaron do home e das idades do mundo, da soedade e dos rebaños, dos sucos e das vendimas, da podente madurez e da ledicia moza e fuxitiva: Ovidio, Virxilio, Horacio... Trapero fíxonos ver a calidade poética de Noriega Varela, un dos grandes poetas galegos de todos os tempos, e asemade, un poeta que dou unha ollada nova, cunha nova voz, cando se encara coa natureza mais avesía, que íl chamaba montaña, con toxos e corvos e pucharcas entre as penas, e Dama Soedade e Dama Probeza nun verde prado entre xesteiras.

E pois, á ledicia por ter a Trapero Pardo entre nos, xúntase ista outra ledicia, a do enriquecemento por coñecer mais e millor a poesía inmortal de Noriega, e ben sabido é que soio os poetas poden apartar ises grandes panos de sombra, tantas veces suntuosa sombra, que cobren a pequena xoia dun poema. Neste caso, a abidueira de Noriega Varela, coa sua ondeante manteliña verde.

Índice

DISCURSO DO EXCELENTÍSSIMO SEÑOR DON JOSÉ TRAPERO PARDO	7
RESPOSTA DO EXCELENTÍSSIMO SEÑOR DON ÁLVARO CUNQUEIRO MORA	41

Real Academia Galega

Rúa Tabernas, 11

15001 A Coruña

Tlf. 981 207 308

Fax 981 216 467

secretaria@realacademiagalega.org

www.academia.gal



REAL ACADEMIA GALEGA

